CICLO MEDIO DE LABORATORIO

PROGRAMACIÓN MÓDULO

FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

Curso 2011/2012

I.E.S. A Xunqueira I

Profesor: José M. Justo Acevedo

I N D I C E

1.- Obxectivos …….. 3
A.- Concreción do Currículo en relación á súa adecuación
As características do ámbito productivo…….. 3
B.- Relación de Unidades Didácticas e desenvolvemento
das mesmas : ……. 4

- Unidades didácticas
- Obxectivos específicos *
- Contidos*
- Actividades de ensino-aprendizaxe*
- Materiais e recursos*
- Actividades de avaliación e justificación*
- Instrumentos de avaliación*
- Distribución temporal*

*Os apartados anteriores desenvolvense para cada Unidade Didáctica
C) Contidos Mínimos esixibles ……. 15
D) Metodoloxía…… 16
E) Temas transversais. Educación en valores…….. 17
F) Medidas de reforzo educativo …… 17
G) Criterios e pautas de avaliación para o alumnado que teña
Perdido o dereito de avaliación continua …….. 17
H) Avaliación ordinaria do alumnado : …….. 18

a) Avaliación inicial
b) Avaliación ordinaria. Criterios de cualificación
c) Procedementos para a recuperación das partes non Superadas
d) Recuperación de materia pendente

I)Procedemento sobre o seguimento da programación e a
Avaliación da práctica docente …… 19
J) Actividades complementarias e extraescolares …….. 20
K) Atención a diversidade ……. 20

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO : **FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL**. Ciclo Medio de Laboratorio

OBXECTIVOS

1.- Sensibilizarse respecto ós efectos que as condicións de traballo poden producir sobre a saúde persoal, colectiva e ambiental, co fin de mellorar as condicións de realización do traballo, utilizando medidas preventivas e de protección axeitadas.

2.- Comprender o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a actividade industrial, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.

3.- Utilizar e procurar canles de información e formación relacionada co ejercicio da profesion, que lle posibiliten o coñecemento e a inserción no sector químico e a evolución e adaptación das súas capacidades profesionais os cambios tecnológicos e organizativos do sector.

A) CONCRECIÓN DO CURRICULO EN RELACIÓN Á SÚA ADECUACIÓN AS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUCTIVO.

Con respecto o módulo de Formación e Orientación Laboral, os alumnos deberán acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais, que son as seguintes:

a) Xerar contornos seguros, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades
b) Exercer os dereitos e cumplir as obrigas que deriven das relacións laborais, segundo o establecido na lexislación.
c) Analizar oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
d) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade
e) Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe o longo da vida.

O alumnado do Ciclo Medio de laboratorio vai desenrolar o seu traballo nunha empresa (laboratorios, centros de análise…) polo que deben ter un coñecemento preciso sobre o mercado de traballo no que están inmersos ou ben vanse incorporar; polo tanto, estés futuros técnicos de laboratorio, deben ter as ferramentas

básicas para desenvolver a súa carreira profesional nun mundo laboral en constante evolución, cada vez máis competitivo e exixente.

Tamén, dende o módulo de F.O.L., debemos contribuir o fomento dunha cultura preventiva, que lles permita ter unha visión clara da relación entre o traballo e a saúde, identificando os factores de risco laboral, anticipandose os posibles danos que se poidan sufrir.

Polo tanto, o alumno do ciclo medio de Laboratorio, debe adquirir as destrezas necesarias que lle permitan desenvolverse no cambiante mercado de traballo, porque diso depende o seu futuru profesional.

B) **RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS E DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO .**

O Módulo de Formación e Orientación Laboral, ten unha duración de 55 horas, estructurados en tres Unidades Didácticas:

- Unidade Didáctica 1.- Mercado Laboral: Lexislación e Relacións Laborais
- Unidade Didáctica 2.- Orientación e inserción socio-laboral
- Unidade Didáctica 3.- Saúde Laboral : A prevención de riscos laborais

1) Unidad Didáctica 1.- MERCADO LABORAL: LEXISLACIÓN E RELACIÓNS LABORAIS

1A) Resultados de aprendizaxe (RA) e criterios de avaliación (CA) :

RA1) Identificar os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais e recoñéceos en diferentes situacións de traballo:

CA1) Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2) Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA3) Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA4) Analizáronse as principias modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA5) Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral
CA6) Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principias elementos que o integran
CA7) Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
CA8) Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa

RA2) Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións:

CA1) Valorouse o papel da Seguridade social como piar esencial do Estado Social e para mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3) Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA4) Determináronse as principias prestacións contributivas da Seguridade Social
CA5) Determináronse as posibles situacións legais de desemprego

1B) Obxectivos Específicos:

- Coñecer as normas básicas do funcionamento do mercado laboral, e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que lles permita resolver as diversas situacións que se lles poideran plantexar o longo da súa vida laboral.
- Determinar a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as diferentes continxencias cubertas, identificando as distintas clases de prestacións
- Identificar os dereitos e deberes que se derivan do contrato laboral
- Analizar as distintas modalidades de contratación
- Interpretar e calcular un recibo de salarios
- Analizar as modificacións que se poden dar nun contrato de traballo
- Analizar as posibilidades de actuación ante un Despido
- Valorar e comprender as prestacións da Seguridade Social

1C) Contidos:

1.- DEREITO DO TRABALLO

- O Traballo e o Dereito Laboral
- As fontes do Dereito do Traballo
- Principios para a aplicación das normas laborais
- Lexislación laboral española
- Os tribunais laborais e a Administración Laboral

2.- O CONTRATO DE TRABALLO

- O contrato de traballo e a capacidade para contratar
- Elementos esenciais
- Forma e contido
- Período de proba. Duración do contrato
- Actividades excluidas do Dereito Laboral
- Relacions laborais de carácter especial
- Dereitos e deberes laborais
- Obligacións do empresario
- Empresas de traballo temporal e axencias privadas de colocación

3.- MODALIDADES DE CONTRATACIÓN

- Tipos de contratos
- Contratos indefinidos. Fomento da contratación indefinida
- Contratos de duración determinada
- Contratos formativos
- Contratos a tempo parcial
- Outras modalidades de contratación

4.- A XORNADA LABORAL E A SÚA RETRIBUCIÓN

- A xornada laboral. Períodos de descanso
- Xornada nocturna. Traballos a turnos
- Horas extraordinarias.
- Permisos retribuidos. As vacacións
- O Salario. Estructura salarial
- O Salario Mínimo Interprofesional.
- Pago do salario

5.- O RECIBO DOS SALARIOS. SUPOSTOS PRÁCTICOS

- Recibo dos salarios
- Cálculo das bases de cotización á seguridade social
- Cálculo da Base de cotización por Continxencias Comúns
- Base de cotización por continxencias profesionais
- Tipos de cotización
- Deduccions

6.-MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO

- Modificación dos contratos de traballo.
- Suspensión do contrato de traballo
- Extinción do contrato de traballo
- O despido. Impugnación do despido

7.- O SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

- Campo de aplicación da Seguridade Social
- Rexímenes que integran a seguridade social
- Estructura organizativa
- Obligacións da empresa coa seguridade social
- Obligacións dos traballadores autónomos
- Prestacións da seguridade social

8.- INCAPACIDADE TEMPORAL E DESEMPREGO.EXERCICIOS

- Incapacidade temporal (IT)
- Requisitos para ser beneficiario da prestación económica por IT
- Duración da IT

9.- PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES NA EMPRESA

- O dereito de sindicación
- Negociación colectiva
- Conflictos laborais. Procedemeentos para a solución de conflictos

1D) Actividades de ensino aprendizaxe. Materiais e recursos necesarios.

•Actividades de ensino aprendizaxe:

A hora de establecer a metodoloxía a utilizar nas actividades na aula, hai que ter en conta que, no caso do ciclo medio, os alumnos os que van dirixidas, proceden, en xeral da ESO ou ben da proba de acceso ou ben do bacharelato (sen rematar). No Ciclo Medio de Laboratorio, intentaremos estudar as actividades necesarias que permitan o desenrolo das capacidades do alumno, e que lles permita integrarse nun ambiente favorable. Por tanto, intentarei aplicar os seguintes criterios:

- Metodoloxía activa e participativa, que faga máis atractivas as actividades cotidianas de clase, buscando implicacions persoais no proceso formativo.
- Realización de actividades prácticas, que permitan os alumnos o descubrimento dos temas nos que se esté traballando.
- Procuraráse que os propios alumnos expoñan cuestións, que debatan, que redacten, facendo especial fincapé na utilización da linguaxe escrita.
- Utilización dos casos prácticos, que xeneren debate e que o mesmo tempo implique a interiorización dos contidos e o desenrolo das propias capacidades.

• Materiais e Recursos necesarios:

- Utilización de textos legais, como o Estatuto dos Traballadores
- Utilización dun manual : F.O.L. da Editorial Mc-Graqw Hill, que será un texto recomendado, para ter un fío conductor dos temas, pero non se porá como libro de texto.
- Utilización de medios escritos (prensa, revistas…) e outros, fundamentalmente Internet, na procura de aspectos da vida cotiá que teñan que ver co desenrolado na clase (riscos laborais, accidentes, ofertas postos de traballo, curriculums…)
- Aula de informática, para consultar aspectos recollidos no punto anterior.

1E) **Actividades de avaliación e xustificación**

Dadas o peso das características teóricas dos contidos traballados ao longo desta Unidade didáctica, considérase necesario realizar actividades dirixidas a análise e síntese destes contidos:

- Realización de murais-resumo que sinteticen as principais características de cada tipo de contrato
- Realización de supostos prácticos moi sinxelos (por exemplo, unha nómina)
- Elaboración por grupos de cadros-resumo sobre as principais causas de modificación, extinción e suspensión do contrato de traballo

Instrumentos de avaliación

Serán instrumentos de avaliación os resultados presentados polo alumnado trala realización das actividades de avaliación. Ademais, os contidos traballados avaliaránse a través dunha proba obxectiva ó final de cada trimestre.

Distribución Temporal

O bloque de unidades do mercado laboral, desenrolaranse na primeira parte do curso, o longo de 22 sesións, aproximadamente.

2) Unidad Didáctica 2.- Orientación e Inserción Socio-laboral
A Búsqueda Activa de Emprego

2A) Resultados de aprendizaxe (RA) e criterios de avaliación (CA):

RA1) Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida:

CA1) Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais

CA2) Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso productivo.
CA3) Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico de Laboratorio
CA4) Determináronse as competencias e as capacidades requeridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para melloralas e permitir unha axeitada inserción laboral
CA5) Identificáronse as principias fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas de técnico Medio de Laboratorio
CA6) Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA7) Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título, e de traballo na Administración.

2B) Obxectivos Específicos:

- Seleccionar oportunidades de emprego, identificando as diferentes posibilidades de inserción e as alternativas de aprendizaxe o longo da súa vida
- Acadar a formación necesaria para comprender a organización do sector correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional, incluindo técnicas de búsqueda de emprego
- Deseñar Cartas de presentación c Curriculos
- Identificar os puntos débiles dun currículo
- Preparar unha entrevista de traballo

2C) Contidos:

1.- A BÚSQUEDA DE EMPREGO

- O mercado laboral. Plan de acción para a búsqueda de emprego
- O perfil do candidato ideal
- Fontes de información
- Carta de presentación. Curriculum Vitae

2.- A SELECCIÓN DE PERSOAL

- A entrevista de traballo
- O test

3.- O TRABALLO POR CONTA PROPIA. O ACCESO A FUNCIÓN PúBLICA.

- O Plan de empresa
- A ventanilla única empresarial
- Formas Xurídicas de empresas

- Trámites para a constitución e posta en marcha dunha empresa
- Trámites para adquirir personalidade xurídica
- O emprego nas administracións públicas.

2D) Actividades de ensino aprendizaxe. Materiais e recursos necesarios.

•Actividades de ensino aprendizaxe:

A hora de establecer a metodoloxía a utilizar nas actividades na aula, hai que ter en conta que, no caso do ciclo medio, os alumnos os que van dirixidas, proceden, en xeral da ESO ou ben da proba de acceso ou ben do bacharelato (sen rematar). No Ciclo Medio de Laboratorio, intentaremos estudar as actividades necesarias que permitan o desenrolo das capacidades do alumno, e que lles permita integrarse nun ambiente favorable. Por tanto, intentarei aplicar os seguintes criterios:

- Metodoloxía activa e participativa, que faga máis atractivas as actividades cotidianas de clase, buscando implicacions persoais no proceso formativo.
- Realización de actividades prácticas, que permitan os alumnos o descubrimento dos temas nos que se esté traballando.
- Procuraráse que os propios alumnos expoñan cuestións, que debatan, que redacten, facendo especial fincapé na utilización da linguaxe escrita.
- Utilización dos casos prácticos, que xeneren debate e que o mesmo tempo implique a interiorización dos contidos e o desenrolo das propias capacidades.

• Materiales e Recursos necesarios:

- Utilización de textos legais, como o Estatuto dos Traballadores
- Utilización dun manual : F.O.L. da Editorial Mc-Graqw Hill, que será un texto recomendado, para ter un fío conductor dos temas, pero non se porá como libro de texto.
- Utilización de medios escritos (prensa, revistas…) e outros, fundamentalmente Internet, na procura de aspectos da vida cotiá que teñan que ver co desenrolado na clase (riscos laborais, accidentes, ofertas postos de traballo, curriculums…)
- Aula de informática, para consultar aspectos recollidos no punto anterior.

2E) Actividades

- Exposición por parte do alumnado da súa experiencia previa en relación á búsqueda de traballo
- Realización de prácticas para desenvolver os contidos referentes ás entrevistas de traballo
- Analizar páxinas web das que existen en internet para a búsqueda de emprego
- Elaboración por grupos de decálogos de normas básicas para: traballar en equipo, facer unha entrevista de traballo, buscar emprego. Posta en común en gran grupo

2F) Actividades de avaliación e xustificación

As actividades de avaliación que se propoñen para esta unidade didáctica son fundamentalmente prácticos, pois o que se pretende avaliar é o grao no que o alumnado é capaz de aplicar a realidade o aprendido:

- Elaboración do curriculum vitae propio
- Elaboración dunha carta de presentación en base a unha oferta de emprego proposta
- Resolución de supostos prácticos sobre os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresal

2G) Instrumentos de avaliación

Serán instrumentos de avaliación os resultados presentados polo alumnado trala realización das actividades de avaliación. Ademais, os contidos traballados avaliaránse a través dunha proba obxectiva ó final de cada trimestre.

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

Este bloque, desenrolarase o longo da segunda parte(Xaneiro e Febreiro, aproximadamente) do curso, a continuación das normas laborais, o longo de 12 sesións, aproximadamente.

3) Unidad Didáctica 3.- Saúde Laboral: A Prevención de Riscos Laborais

3A) Resultados de aprendizaxe (RA) e Criterios de Avaliación (CA):

RA1) Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade laboral:

CA1) Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA2) Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saude das persoas traballadoras.
CA3) Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou redución dos riscos laborais
CA4) Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emergencia e risco laboral grave e inminente
CA5) Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así cómo as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA7) Asumiuse a necesidade de cumplir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

RA2) Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco màis habituais do sector (Analise en Laboratorios):

CA1) Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionadas co perfil profesional de técnico de Laboratorio
CA2) Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA3) Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico de Laboratorio
CA4) Identicáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico de Laboratorio
CA5) Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título

RA3) Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico de Laboratorio:

CA1) Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA2) Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA3) Seleccionáronse os equipamentos de protección individual axeitados ás situacións de risco atopadas
CA4) Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emergencia
CA5) Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emergencia, onde existan víctimas de diversa gravidade
CA6) Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa urgencias

3B) Obxectivos Específicos:

- Que o alumno sexa capaz de avaliar os riscos derivados da súa actividade, identificando os riscos e analizar as condicións de traballo e os factores de risco presentes no seu entorno laboral
- Establecer grupos de traballo para o deseño dun plan de prevención de riscos dunha escola infantil, identificando as responsabilidades de todos os axentes implicados
- Deseñar un plan de evacuación dun Laboratorio, ante unha situación de emerxencia.

3C) Contidos:

1.- SAÚDE LABORAL E AMBIENTE DE TRABALLO

- Riscos Laborais e a súa prevención
- Marco xurídico da prevención
- Obligacions e dereitos en materia de prevención de riscos laborais.
- Factores de risco laboral, vencellados o medio ambiente de traballo.

2.- RISCOS POLAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE E A CARGA DE TRABALLO. O CONTROL DO RISCO LABORAL.

- Factores de risco derivados das condicións de seguridade e de cara o traballo.
- Factores de risco psicosociais.
- Plan de prevención. Control do risco
- Actuación en caso de accidente

3.- MEDIDAS DE EMERXENCIA E PRIMEIROS AUXILIOS

- Medidas de emerxencia: O plan de emergencia e evacuación.
- Primeros auxilios na empresa

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

Este bloque desenrolaráse na terceira parte do curso, o longo de 21 sesións, aproximadamente.

3D) Actividades de ensino aprendizaxe. Materiais e recursos necesarios.

•Actividades de ensino aprendizaxe:

A hora de establecer a metodoloxía a utilizar nas actividades na aula, hai que ter en conta que, no caso do ciclo medio, os alumnos os que van dirixidas, proceden, en xeral da ESO ou ben da proba de acceso ou ben do bacharelato (sen rematar). No Ciclo Medio de Laboratorio, intentaremos estudar as actividades necesarias que permitan o desenrolo das capacidades do alumno, e que lles permita integrarse nun ambiente favorable. Por tanto, intentarei aplicar os seguintes criterios:

- Metodoloxía activa e participativa, que faga máis atractivas as actividades cotidianas de clase, buscando implicacions persoais no proceso formativo.
- Realización de actividades prácticas, que permitan os alumnos o descubrimento dos temas nos que se esté traballando.
- Procuraráse que os propios alumnos expoñan cuestións, que debatan, que redacten, facendo especial fincapé na utilización da linguaxe escrita.
- Utilización dos casos prácticos, que xeneren debate e que o mesmo tempo implique a interiorización dos contidos e o desenrolo das propias capacidades.

• Materiales e Recursos necesarios:

- Utilización de textos legais, como o Estatuto dos Traballadores
- Utilización dun manual : F.O.L. da Editorial Mc-Graw Hill, que será un texto recomendado, para ter un fío conductor dos temas, pero non se porá como libro de texto.
- Utilización de medios escritos (prensa, revistas…) e outros, fundamentalmente Internet, na procura de aspectos da vida cotiá que teñan que ver co desenrolado na clase (riscos laborais, accidentes, ofertas postos de traballo, curriculums…)
- Aula de informática, para consultar aspectos recollidos no punto anterior.

3E) Actividades

- Elaboración dun mural no que se recollan os principais riscos laborais e pautas de actuación para evitalos

- Análise dun plan de prevención de riscos laborais dun laboratorio

- Realización de actividades propostas polo/a docente

3F) Actividades de avaliación e xustificación

De cara a avaliación valorarase a capacidade do alumnado de aplicar prácticamente os contidos traballados:

- Resolución de supostos prácticos
- Observación da reacción do alumnado en dinámicas de representación e prácticas propostas polo profesor

3G) Instrumentos de avaliación

Serán instrumentos de avaliación os resultados presentados polo alumnado trala realización das actividades de avaliación. Ademais, os contidos traballados avaliaránse a través dunha proba obxectiva ó final de cada trimestre.

C) CONTIDOS MINIMOS ESIXIBLES

➔ Contidos Mínimos :

Contidos Mínimos Unidade Didáctica 1

- Fontes do Dereito do Traballo.Principios de aplicación das normas laborais.
- O contrato de traballo: elementos esenciais, forma e contido, período de proba, dereitos e obrigas dos traballadores e empresario.
- Modalidades da contratación laboral: tipos de contratos, indefinidos e de duración determinada
- O salario. Estructura salarial. Cálculo das bases de cotización
- Modificación dos contratos de traballo. Suspensión e extinción
- Seguridade social: Rexímenes. Obligacións da empresa coa seguridade social. Obligacións dos traballadores autonómos
- Incapacidade temporal

Contidos Mínimos Unidade Didáctica 2

- Plan de acción para a búsqueda de emprego. Fontes de información
- Carta de presentación e Curriculum Vitae
- Entrevista de traballo
- Traballo por conta propia: Formas xurídicas e trámites para a posta en marcha dunha empresa (constitución, posta en marcha e personalidade xurídica).

Contidos Mínimos Unidade Didáctica 3

- Os riscos laborais e a súa prevención. Marco Xurídico.
- Obligaciones e dereitos en materia de prevención de riscos laborais.Factores de risco.
- Actuación en caso de accidente de traballo. Primeiros auxilios

D.- METODOLOXÍA

Á hora de establecer a metodoloxía a utilizar nas actividades na aula, hai que ter en conta que, no caso do ciclo medio, que os alumnos os que van dirixidas, proceden, en xeral, da Eso, po lo que non teñen adquiridos certos hábitos de traballo que hai que consolidar. No Ciclo Medio de Laboratoriol, intentaremos estudar as actividades necesarias que permitan o desenvolvemento das capacidades do alumno, e que lles permita integrarse nun ambiente favorable. Por tanto, os principios metodolóxicos a seguir son:

- De modo xenérico seguirase a perspectiva constructivista, sendo o docente unha figura que proporciona os medios axeitados para que o alumnado constrúa activamente o seu propio coñecemento
- A metodoloxía é activa e participativa, que faga máis atractivas as actividades cotiás de clase, buscando implicacións persoais no proceso formativo. Realizaranse actividades prácticas, que permitan os alumnos o descubrimento dos temas nos que se esté traballando. Procuraráse que os propios alumnos expoñan cuestións, que debatan, que redacten, facendo especial fincapé na utilización da linguaxe escrita. E, finalmente, utilizaranse casos prácticos, que xeneren debate e que ó mesmo tempo impliquen a interiorización dos contidos e o desenvolvemento das propias capacidades.

- Adaptación ás características do alumnado: nivel de maduración, procedencia do alumnado, idade, características sociopersonais, etc.

- Partir dos coñecementos previos, incluíndo non só os coñecementos académicos, senón aqueles que se poideran derivar das súas experiencias na relación co contorno. É un dos principios fundamentais para que se produzan aprendizaxes significativas, é dicir, que alumno/a poida relacionar o que aprende co que xa sabe. Ademais, preténdese que o alumnado perciba a funcionalidade nas aprendizaxes, para poder utilizalas noutros módulos.

- Para a atención e superación de necesidades educativas específicas, proporcionaranse axudas persoais ou materiais ao alumnado, para que acaden os obxectivos do módulo.

- A autoavaliación do traballo realizado.

Para a aplicación destes principios, faranse formas de agrupamento do alumnado flexibles, en función do contido e actividade a realizar, habendo actividades individuais, en pequeno grupo e en gran grupo. Nos agrupamentos buscarase a heteroxeneidade como factor que incida na integración, na mellora da tarefa, no desenvolvemento da cooperación, etc.

E. TEMAS TRANSVERSAIS . EDUCACIÓN EN VALORES

Tendo en conta os seguintes aspectos:

- Que o CFGM de Laboratorio é un ciclo formado fundamentalmente por alumnas, e non exento de estereotipos vinculados ao xénero
- A situación do mercado laboral actual

traballaráse como tema transversal fundamental a educación para a igualdade.

Ademais, dado que unha das características do mundo laboral dos Técnicos de Laboratorio é o traballo en equipo (tamén individual) , considerase fundamental traballar a educación para a paz: basear o traballo no desenvolvemento de actividades que incidan na resolución de conflitos de maneira non violenta.

F.MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

No caso de alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, os docentes desenvolverán diferentes medidas de reforzo educativo que poden consistir en lecturas complementarias, titorías, realización de exames con redución de materia, e calquera outra actividade que, adaptada ás necesidades do alumnado poidan ser necesarias para o acadamento de ditos obxectivos.

G. CRITERIOS E PAUTAS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO QUE TEÑA PERDIDO O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado que por algún motivo teña perdido o dereito ao sistema de avaliación continua por superar o 10% das faltas de asistencia deberá acollerse ao sistema extraordinario de avaliación, que consistirá en:

- Entrega dos traballos solicitados polo docente, que serán comunicados previamente e con tempo suficiente á realización da proba teórica. A cualificación de apto nestes traballos é chave para a realización da proba final.
- Realización dunha proba final sobre os contidos teóricos e prácticos do módulo.

H. AVALIACIÓN ORDINARIA DO ALUMNADO

a) Avaliación inicial. Directrices e instrumentos para a súa realización

A avaliación inicial realizaráse tanto ó inicio do curso, como ó inicio do desenvolvemento de cada unidade didáctica.

Ao inicio do curso, solicitaráse ó alumnado individualmente información sobre a súa situación laboral actual, e experiencias laborais anteriores. Ademais, indagaráse sobre as expectativas do alumnado respecto ós estudios conducentes ó título de TML, respecto ó módulo, e respecto ó futuro desempeño profesional.

Ao inicio de cada unidade didáctica, partirase dunha primeira aproximación ós coñecementos do alumnado sobre a temática, mediante preguntas abertas ou outros medios co obxectivo de avaliar os coñecementos previos, intereses, baleiros de coñecementos, e ideas preconcebidas.

b) Avaliación Ordinaria: Criterios de Cualificación

A evaluación do progreso do alumno, faráse por medio das actividades docentes cotiás, así como por medio das probas obxetivas, que se farán de cada unidade didáctica, o remate das mesmas. Como criterio xeral, terase en conta os resultados de ditas probas, como o esforzo, traballo etc… que amose o alumno. Específicamente, para o cálculo da nota do alumno, tanto nos exames parciais como nos finais, teráse en conta:

1) Actitude hacia o módulo(10% da cualificación): Asistencia, puntualidade, actitude, esforzo. Valorarase igualmente, a participación dos alumnos nas actividades da clase.
2) Método de traballo(10% da cualificación): Participación nos traballos colectivos e traballo individual.
3) Criterios conceptuales(80% da cualificación): Asimilación de conceptos, comprensión e probas obxetivas.
4) Os apartados A e B sumaránse a nota que o alumno obteña nas probas obxectivas, SEMPRE E CANDO, acade nestas (nas probas obxectivas ou exames) unha nota mínima de catro.

c) Procedementos para a recuperación das partes non superadas

Recuperación de Bloques Temáticos: Aqueles alumnos que non obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no proceso de avaliación de

cada bloque temático, deberán superar unha proba obxetiva do bloque ou bloques correspondentes, que realizarase xunto coa proba extraordinaria do módulo. Dita proba terá como referencia os contidos mínimos de cada un dos bloques temáticos e avaliarase de acordo cos criterios establecidos para a avaliación das probas obxetivas.

Os alumnos recuperarán unicamente as Unidades didácticas non superadas; ademáis no mes de Xuño programaremos unhas xornadas para a resolución e aclaración daquelas dúbidas que o alumnado poida ter.

d) Recuperación Materias Pendentes

Aqueles alumnos que rematado o curso de 1º teñan o módulo pendente, deberán de recuperalo o longo dos meses de outubro, novembro e Decembro, tendo en conta que a Proba Extraordinaria, celebraráse no mes de Decembro. Polo tanto, dende finais de setembro, e os meses de outubro e novembro, os alumnos deberán levar a cabo as actividades necesarias para recuperar o módulo pendente. Estableceráse un calendario que lles permita os alumnos a posibilidade de recuperar a materia pendente. Dito calendario, incluirá dous aspectos : 1) Unha hora semanal, na que o profesor da materia estará a disposición dos mencionados alumnos para a resolución ou explicación de calquera dúbida que o alumno poida ter 2) A realización dunhas probas obxetivas, que serán tres, e que levaránse a cabo nos meses de Outubro e Novembro. A superación destes exames, implicará a superación do módulo.

I) PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

1) O longo do curso faráse un seguimento da programación feita o inicio do curso. Trimestralmente faremos un análise dos temas impartidos na aula con respecto o programado o inicio do durso, establecendo as correccións necesaria, de ser o caso.

2) A avaliación da práctica docente, a plantexaremos en dous eidos:
   a) Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos …, comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados
   b) Sometendose a opinión do alumnado, a través de enquisas que de forma puntual pode facerse o fin de cada trimestre ou ben a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado. Os alumnos dun Ciclo Medio xa alcanzaron un grado de madurez (supónse) que lles permite emitir xuizos , e polo tanto, coas cautelas oportunas, pódese ter en conta a valoración que fan da práctica docente

J. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O longo do curso levaráse a cabo dous tipos de actividades:

- Visita a algunha empresa da localidade, ETT….
- Charlas impartidas por algún organismo, como por exemplo, unha conferencia impartida por Bic Galicia, sobre creación de empresas
- Algunha outra actividade que poidera xurdir o longo do curso.

K. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Para levar a cabo o desenvolvemento do tratamento da diversidade, é preciso analizar cada caso para aplicar a medida apropiada. Neste 1º curso do Ciclo Medio de Laboratorio, non se detecta, en principio, ningún caso que haxa que tratar. No obstante, deben preverse aquelas situacións que poideran darse, e que poderían ser:

- Alumnos con necesidades sensoriales : utilizaránse elementos materiales, escritos, audiovisuales e informáticos, de acceso o currículo
- Diversidade de ritmos de aprendizajes: utilizaránse actividades de apoio, reforzo ou ampliación, según a situación. Estas actividades debense desenvolver no aula.

Pontevedra, 16 de Setembro do 2011

Profesor: José M. Justo Acevedo